

A MACEIRA

O froito desta árbore é de carne branca e pel fina de cor verde, amarela ou vermella segundo as variedades. É famosa a súa torta, pódese comer crúa e tamén cociñada.

A M _ _ _ _

O MARMELEIRO

O seu froito é amarelo, voluminoso, de polpa áspera e recendente, moi empregado en confeitaría para a elaboración de doces ou marmelada.

O M _ _ _ _ _ _ _

A FIGUEIRA

O froito desta árbore é moi brando. Ten a pel verde, que se desprende facilmente ao tirar dela cara abaixo. A súa polpa é rosa con sementes. Tamén se pode comer seco.

O F _ _ _ _

A NOGUEIRA

Dá un froito seco, consta dunha parte comestible, a semente, e dunha casca leñosa e dura dividida en dúas metades.

A N _ _

O CASTIÑEIRO

O seu froito está recuberto dunha cáscara de cor marrón e protexido por unha casca exterior espiñenta. Pódese comer cru, asado, cocido, seco ou en doces.

A C _ _ _ _ _ _ _

A AMENDOEIRA

Ten un froito con forma ovalada e cunha casca dura acabada en punta por un extremo. No interior da carabuña está a semente, que é comestible e rica en aceite. Pódese comer tostada, e úsase moito en doces e guisos.

A A _ _ _ _ _ _ _

O FUNGO

Non é un froito aínda que ás veces se nomea como tal.

É un fungo que ten un pé rematado nunha especie de sombreiro. Existen varias especies que poden ser comestibles ou non.

O C _ _ _ _ _ _ _

O CARBALLO

O froito do carballo ten forma ovalada, cuberto por unha casca dura e unido á árbore por unha especie de caparucho que o cobre pola parte de atrás. É o alimento preferido dos porcos.

A L _ _ _ _ _

A OLIVEIRA

O seu froito é de pequeno tamaño, de forma ovalada e cor verde, morada ou negra, segundo a variedade e a maduración. Del extráese o aceite.

A O _ _ _ _ _

O ÉRBEDO

Produce uns froitos esféricos brandos que van pasando de verde, por amarelos ata vermello escuro ao final; madura no outono. Úsase para facer licor e marmelada.

OS M _ _ _ _ _ _ _

A VIDE

Esta planta arbustiva ten un froito redondo ou ovalado agrupado con outros en acios, do que se obtén o viño.

A súa cor pode ser verde, morada, rosada ou amarela.

A U _ _

OS TESOUROS

DO

OUTONO

